



GUÍA DO CURSO

G2501062

Deseño de situacións de aprendizaxe con
intelixencia artificial



Índice

1. Descrición do curso.....	3
2. Persoas titoras.....	4
3. Obxectivos.....	4
4. Competencias profesionais do profesorado.....	4
5. Contidos.....	6
6. Metodoloxía.....	6
7. Seguimento e desenvolvemento do curso.....	7
8. Comunicación coas persoas titoras e outros participantes.....	8
9. Avaliación.....	9
10. Transferencia e impacto nas aulas.....	9
11. Requirimentos para seguir o curso.....	10
12. Protocolo para participar nos cursos Platega.....	10

1. Descrición do curso

O modelo curricular da LOMLOE, orientado á formación do alumnado para o desenvolvemento dunha cidadanía activa e comprometida no século XXI, demanda a integración de novas dinámicas e modelos de ensino-aprendizaxe competenciais. Doutra banda, o notable avance da intelixencia artificial está a transformar a forma de producir, de traballar e de actuar en diversos sectores da nosa sociedade. O ámbito educativo non é alleo a estes cambios, xa que a IA converteuse nunha valiosa ferramenta para optimizar e personalizar a aprendizaxe. Por iso, é necesario **coñecer o potencial da IA, explorar as súas posibilidades e recoñecer as súas limitacións**. É dicir, é imprescindible adquirir as habilidades necesarias para integrar eficazmente esta ferramenta na práctica docente.

Neste contexto, preséntase este curso, co que se pretende, por unha banda, abordar distintos aspectos a considerar no deseño de situacións de aprendizaxe, considerando o **enfoque competencial e o marco normativo actual**; e por outro, búscase proporcionar ás persoas participantes as **ferramentas necesarias para o deseño e a creación de situacións de aprendizaxe mediante o uso da intelixencia artificial**.

O deseño orixinal e todos os contidos deste curso foron elaborados polo INTEF e posteriormente traducidos e adaptados ao sistema educativo galego.

O curso estrutúrase en **seis módulos**, nos que se presentan os aspectos teóricos necesarios para deseñar situacións de aprendizaxe aliñadas co marco normativo da LOMLOE e da normativa específica de Galicia. Ademais, cada módulo inclúe unha proposta de ferramentas baseadas en intelixencia artificial, deseñadas para apoiar tanto o traballo dos contidos así coma o desenvolvemento das actividades propostas.

O **obxectivo do curso** é guiar aos participantes na elaboración de situacións de aprendizaxe á vez que se familiaricen co uso das ferramentas IA que poden facilitar diversas tarefas docentes. Aínda que o curso está enfocado á aplicación destas ferramentas dentro do propio curso, búscase que os participantes adquiran habilidades que lles permitan aplicar as ferramentas IA noutras tarefas habituais de da aula e na súa práctica profesional diaria.

Faise preciso citar o recentemente publicado Plan Integral de Benestar Dixital que inclúe no seu Eixe 3. Promoción do uso seguro e responsable das TRIC, entre outros, o Obxectivo 6: Desenvolver o pensamento crítico e a capacidade de toma de decisións informadas fronte ao uso da tecnoloxía. Para acadar este obxectivo contéplase a seguinte acción "*Incorporación de **modificacións nos currículos** que fortalezan a reflexión crítica, a cidadanía dixital, o manexo ético e seguro de Internet e das redes sociais, o uso responsable da intelixencia artificial, así como o desenvolvemento de habilidades tecnolóxicas, co obxectivo de fomentar un uso consciente, responsable e saudable das ferramentas dixitais*".

Como outra referencia legal a considerar, podemos citar a **RESOLUCIÓN do 5 de xuño de 2025**, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no réxime ordinario no curso académico 2025/26. No seu apartado Trixésimo segundo. Uso dos recursos tecnolóxicos establécese que *"O profesorado promoverá un **uso responsable e seguro** dos recursos tecnolóxicos no proceso de ensino e aprendizaxe, **equilibrado** respecto doutro tipo de recursos e materiais e **orientado ao logro dos obxectivos curriculares e das competencias clave**".*

2. Persoas titoras

- Grupo A: **José Miguel Besada Porto**
- Grupo B: **Pablo Gallego Falcón**
- Grupo C: **Iván Gómez Conde**
- Grupo D: **Fernando González Bao**
- Grupo E: **María de los Reyes Montero Vale**
- Grupo F: **Susana Oubiña Falcón**
- Grupo G: **Carlos Parada Gandos**
- Grupo H: **Josefa Paulos Lareo**
- Grupo I: **Óscar Manuel Rey Calo**
- Grupo L: **Cristina Vázquez Castro**

3. Obxectivos

1. Comprender e aplicar o marco normativo para o uso da intelixencia artificial no deseño de situacións de aprendizaxe.
2. Integrar ferramentas de intelixencia artificial na análise, deseño e implementación de situacións de aprendizaxe competenciais e inclusivas.
3. Fomentar o uso da intelixencia artificial na avaliación da aprendizaxe e da práctica docente dun xeito ético e responsable.

4. Competencias profesionais do profesorado

Segundo o modelo de [Competencias profesionais docentes](#) da Rede de Formación da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades a través deste curso formaraste prioritariamente nas seguintes competencias, descritores e

indicadores:

Competencia profesional	Descritor / área e competencia (CDD)	Nivel	Indicadores
Competencia dixital docente	1. Compromiso profesional	B1	1.4.B.1.1. Participa en actividades de formación para o desenvolvemento profesional docente dirixidas persoas expertas, en liña ou presenciais, nas que se utilicen recursos dixitais para o seu desenvolvemento.
Competencia dixital docente	1. Compromiso profesional	B1	1.5.B.1.1. Aplica, de maneira autónoma, as medidas propostas polas AA. EE. ou as persoas titulares do centro para protexer os datos persoais propios e alleos.
Competencia dixital docente	2. Contidos dixitais	B1	2.2.B.1.1. Analiza a idoneidade de contidos educativos dixitais xa existentes aplicando de forma autónoma criterios didácticos, disciplinares e técnicos para adaptalos a unha situación de aprendizaxe concreta.
Competencia dixital docente	4. Avaliación e retroalimentación	B1	4.1.B.1.2. Diversifica as técnicas, os medios e os instrumentos de avaliación da aprendizaxe do seu alumnado e da súa práctica docente empregando, de forma autónoma, as tecnoloxías dixitais do centro.
Competencia dixital docente	5. Empoderamento do alumnado	B1	5.2.B.1.1. Utiliza os recursos dixitais dispoñibles no seu centro para incorporalos de forma selectiva e inclusiva na súa programación didáctica.
Competencia didáctica	Didácticas específicas e metodoloxías	Intermedio	Deseña situacións de aprendizaxe competencial que dean resposta á diversidade do alumnado.
Competencia didáctica	Espazos, recursos e materiais de aprendizaxe	Intermedio	Deseña situacións de aprendizaxe nas que o uso específico e flexible dos recursos (espazos e materiais) físicos e virtuais responde ás necesidades metodolóxicas e promoven a inclusión e a equidade
Competencia didáctica	Xestión do coñecemento	Intermedio	Integra no seu deseño curricular situacións de aprendizaxe baseadas no Deseño Universal de Aprendizaxe e no traballo

			competencial.
Competencia inclusiva, social e cidadá	Inclusión e igualdade	Intermedio	Adapta os aspectos fundamentais da normativa relacionada coa atención á diversidade e igualdade á realidade da aula

O modelo completo das competencias profesionais docentes pode ser consultado na seguinte ligazón: <https://www.edu.xunta.gal/portal/node/17543>

5. Contidos

Os contidos do curso están divididos en **seis módulos**:

0. Presentación do curso.
1. A intelixencia artificial na educación: análise e debate.
2. Incorporación da intelixencia artificial no deseño de propostas educativas.
 - 2.1. Marco normativo e teórico.
 - 2.2. Ferramentas de IA para a análise e a organización de documentos.
3. Deseño dunha situación de aprendizaxe con intelixencia artificial.
 - 3.1. Deseño de situacións de aprendizaxe.
 - 3.2. Ferramentas e aplicacións para deseñar situación de aprendizaxe.
4. O proceso de avaliación nas situacións de aprendizaxe con intelixencia artificial.
 - 4.1. A IA no proceso de avaliación.
 - 4.2. A avaliación dos elementos curriculares e da situación de aprendizaxe.
5. Módulo final de despedidas.

6. Metodoloxía

Xa que a Intelixencia Artificial no ámbito educativo cobra cada vez máis importancia é importante que o profesorado participante coñeza e probe unha **gran cantidade de ferramentas, tendo sempre presente as restricións normativas**, en particular a protección de datos. Polo cal, o enfoque metodolóxico deste curso oríentase á experimentación coa IA nas diferentes tarefas propostas, unha vez presentadas as nocións básicas.

Ao tempo que se experimenta coas diversas ferramentas propostas, sería aconsellable que os produtos de aprendizaxe xerados nas diversas **tarefas sexan aplicables á**

práctica cotiá na aula. Deste xeito, aparecen referenciados os diversos currículos de referencia de cada etapa educativa e as referencias e ligazóns á aplicación de programacións (**PROENS**), coa finalidade de poder adaptar as situacións de aprendizaxe nas unidades da programación didáctica.

O equipo de persoas titoras guiará ás persoas participantes ao longo dos diversos módulos que conforman o curso, procurando acadar o máximo aproveitamento desta actividade formativa. Dado o rápido avance dos recursos de IA empregados, e tamén as potencialidades de moitos recursos que non aparezan citados de xeito específico, sería moi beneficioso para todas as persoas participantes a dinamización nos foros, compartindo ideas, recursos atopados, dúbidas, contestando preguntas e dúbidas dos compañeiros/as... polo cal, animámosvos a participar desta **aprendizaxe compartida**.

7. Seguimento e desenvolvemento do curso

Cadro de temporalización do curso		
Módulo 0 (1 horas)		
Nº	Actividade	Datas
1	Lectura folla de ruta	14/04/2026 a 21/04/2026
2	Consulta guía do curso e protocolo participación	
3	Realización de presentación no foro	
Módulo 1 (3 horas)		
Nº	Actividade	Datas
1	Lectura folla de ruta	14/04/2026 a 21/04/2026
2	Consulta "A IA na educación"	
3	Tarefa 1.1: Foro obrigatorio	
Módulo 2 (10 horas)		
Nº	Actividade	Datas
1	Lectura folla de ruta	22/04/2026 a 06/05/2026
2	Consulta marco normativo e teórico	
3	Consulta "Ferramentas de IA para análise e organización de documentos"	
4	Tarefa 2.1 Movilizamos elementos curriculares	
Módulo 3 (12 horas)		
Nº	Actividade	Datas
1	Lectura folla de ruta	07/05/2026 a 21/05/2026
2	Consulta "Como deseño unha situación de aprendizaxe"	
3	Consulta "Ferramentas e aplicacións da IA para deseñar situacións de aprendizaxe"	
4	Tarefa 3.1. Perfilamos unha situación de aprendizaxe	

Módulo 4 (14 horas)		
Nº	Actividade	Datas
1	Lectura folla de ruta	22/05/2026 a 09/06/2026
2	Consulta "A IA no proceso de avaliación"	
3	Consulta "A avaliación dos elementos curriculares e da situación de aprendizaxe"	
4	Tarefa 4.1 Deseño de instrumentos de avaliación con IA	
5	Tarefa 4.2 Incluimos o proceso de avaliación na nosa SdA	
Módulo final (opcional)		
Nº	Actividade	Datas
1	Foro de despedidas	09/06/2026 a 11/06/2026

8. Comunicación coas persoas titoras e outras persoas participantes

Cada vez que comeza un curso de formación a través de PLATEGA, unha das primeiras cousas que debes de facer é presentarte á comunidade de aprendizaxe. Para iso atoparás en todos os cursos no primeiro módulo un **Foro de presentación de participantes**.



Foro de presentación de participantes

Esta primeira mensaxe servirá de presentación tanto ao resto da comunidade de aprendizaxe, coma aos titores e titoras do curso.

Existen varias opcións de comunicación co teu titor ou titora:

- A través dos **foros** existentes en cada curso, por exemplo, o foro do módulo ou foro de avisos e anuncios. A comunicación que se realiza nos foros é **pública**, é dicir, calquera participante no curso poderá ler as túas intervencións no foro ou *posts*.
- A través do sistema de **mensaxería** interna da plataforma. As mensaxes enviadas por este medio son **privadas** entre ti e o teu comunicante, xa sexa o/a titor/a ou calquera outra persoa participante.

9. Avaliación

Nas actividades de formación en rede será indispensable **para obter a certificación a avaliación positiva do 80 % do peso das tarefas propostas.**

Nome da tarefa	Ponderación no módulo	Ponderación no curso	Avaliación
Módulo 0 Presentación			
Foro de presentación de participantes	0 %	0 %	Non cualifica
Total	0 %		
Módulo 1 – Información inicial e debate			
Tarefa 1.1: Foro obrigatorio	100 %	15 %	Escala
Total	15 %		
Módulo 2 – Deseño curricular			
Tarefa 2.1 Movilizamos elementos curriculares	100 %	25 %	Guía de corrección
Total	25 %		
Módulo 3 – Deseño das actividades			
Tarefa 3.1. Perfilamos unha situación de aprendizaxe	100 %	30 %	Guía de corrección
Total	30 %		
Módulo 4 - Avaliación			
Tarefa 4.1 Deseño de instrumentos de avaliación con IA	50 %	15 %	Guía de corrección
Tarefa 4.2 Incluímos o proceso de avaliación na nosa SdA	50 %	15 %	Guía de corrección
Total	30 %		
Módulo 5 - Despedida			
Foro de despedida	0 %	0 %	Non cualifica
Total	0 %		
Puntuación total	100		

10. Transferencia e impacto nas aulas

Nas diversas tarefas propostas en cada módulo inclúese unha aplicación práctica dos contidos traballados. Así mesmo, aconséllase como punto de partida e formato de referencia no deseño das situacións de aprendizaxe os currículos galegos e o formato



de unidade didáctica requirida na aplicación PROENS (adaptable a situacións de aprendizaxe, traballo por proxectos, etc.), coa finalidade de poder trasladar os produtos finais de cada módulo á práctica cotiá das aulas.

11. Requisitos para seguir o curso

Equipo informático e acceso a internet.

No caso dalgunha proposta práctica pode requirirse o rexistro nas aplicacións de IA propostas, se ben tamén se informa da posibilidade de uso de contas de correo temporais para garantir a protección de datos e evitar SPAM.

12. Protocolo para participar nos cursos Platega

Publicado en: https://www.edu.xunta.gal/centros/cafi/aulavirtual2/pluginfile.php/51842/mod_resource/content/9/index.html

Os cursos ofertados en Platega contribuirán ao desenvolvemento das competencias profesionais docentes establecidas pola Rede de Formación do profesorado galego. Os participantes nestes cursos guíaranse polo seguinte Protocolo:

1. As persoas participantes en cursos Platega deben empregar a súa conta de correo institucional (+++++@edu.xunta.gal) para a inscrición en Fprofe e realización dun curso na Rede. A vía oficial de comunicación é esta conta de correo sendo responsabilidade do ou da participante consultala coa frecuencia necesaria e mantela sempre operativa (contrasinal actualizado, cota de almacenamento non excedida...).
2. A normativa que regula as actividades formativas na Rede atópase na [Orde do 14 de Maio de 2013](#) e mais no plan anual de formación do profesorado. Calquera dúbida ao respecto debe consultarse coa persoa coordinadora do curso.
3. A coordinación do curso é a encargada das cuestións administrativas do curso tales como a súa apertura e peche, baixas de participantes, atender en segunda instancia as solicitudes de revisión das cualificacións emitidas mentres o curso estea aberto e calquera outra de índole organizativo ou de certificación.
4. A titoría encárgase de dinamizar os foros, resolver as dúbidas e consultas feitas nos foros do curso ou por mensaxaría interna, revisar e cualificar as tarefas, atender en primeira instancia as solicitudes de revisión das cualificacións emitidas.
5. No momento da selección as persoas inscritas recibirán un correo no que serán informadas da súa situación:
 - a. **Seleccionado/a:** deberán confirmar ou renunciar á súa participación no prazo indicado no correo electrónico. Despois dese prazo enténdese que a persoa renuncia á súa participación e o propio sistema (Fprofe) xestionará a renuncia. En caso de ter dificultades que impidan confirmar



dentro do prazo será preciso poñerse en contacto coa persoa coordinadora do curso por correo electrónico.

b. **Non admitido/a:** non poderán participar por ter xa superado o mesmo curso, non ter destino asignado, atoparse en situación de incapacidade temporal ou estar realizando outra actividade en Platega nas mesmas datas.

c. **Reserva:** formarán parte da lista de reservas e poderán resultar seleccionadas nos días posteriores, polo que é importante consultar o correo de maneira frecuente.

6. O día da apertura do curso recibirá a mensaxe de apertura da persoa coordinadora do curso na que atopará a ligazón ao curso. Recibirá tamén a mensaxe de benvida da persoa titora coas primeiras instrucións para comezar o curso.

7. En Platega (<https://www.edu.xunta.es/platega>) deben entrar no curso canto antes e consultar a información, tarefas, contidos... así como a Guía do curso no módulo de presentacións pois cabe a posibilidade de que fose actualizada.

8. É imprescindible iniciar o curso presentándose no Foro de presentacións do curso durante os primeiros días do curso. De non facelo causará baixa e perderá o dereito a participar en actividades formativas durante o resto do curso escolar en aplicación do artigo 7.8 da Orde do 14 de Maio de 2013.

9. Unha vez iniciado o curso os **abandonos** comunicados á titoría ou á coordinación e non xustificados debidamente provocarán a exclusión da actividade e a perda do dereito a participar en actividades formativas durante ese curso escolar.

10. As **comunicacións dos participantes coa coordinación ou coa titoría** do curso realizarase a través dos foros de consultas e dúbidas do curso. En caso de necesitar algunha comunicación que non se considere que se deba compartir en tales espazos públicos, cando fale de situacións persoais ou privadas, utilizarase a mensaxaría interna do curso.

11. Cando **xurdan dúbidas ou problemas** consultarase os foros de consultas e dúbidas do tema correspondente. No caso de non atopar resposta ou solución engadirase un fío novo poñendo un título significativo, evitando títulos xenéricos, describindo a dúbida ou o problema con todos os datos necesarios. A titoría responderá por ese mesmo medio nun prazo máximo de **48 horas**, salvo en fins de semana, festivos, vacacións. Os participantes poden, e deben, axudarse entre eles polo que calquera participante poderá responder as dúbidas ou problemas formulados polos compañeiros e compañeiras.

12. As **intervencións en foros**, e en xeral no curso, deben ser respectuosas co



resto dos participantes. As comunicacións nos espazos públicos da aula virtual deberán ser orientadas á formación nas competencias obxecto do curso, e non se empregarán como medio de difusión de cuestións persoais, alleas á materia do curso.

13. Envío, avaliación e cualificación das tarefas.
 - a. As tarefas cualificables deben entregarse nos prazos establecidos na Guía do curso.
 - b. Se despois da primeira avaliación e cualificación pola titoría non se acadase a máxima puntuación, poderase reenviar ata en dúas ocasións máis para revisala, melloralala, completala ... seguindo as indicacións da titoría. Estes tres envíos realizaranse dentro do prazo asignado ao módulo correspondente; para facilitar isto evitarase o envío de tarefas nos últimos días dos prazos dos módulos e posibilitar, se procedese, o seu reenvío dentro do seu prazo.
 - c. Unha vez rematado o prazo e se non se tivesen esgotados os tres envíos, poderase enviar unha vez durante a seguinte semana ao remate do módulo correspondente, sen posibilidade de novos reenvíos, salvo que a titoría o permita por non ter podido revisala no seu prazo debido á acumulación de tarefas para revisar coincidindo co final do módulo.
 - d. Chegados ao final do curso a titoría poderá permitir o reenvío excepcional de tarefas que sumen un 10 % de puntuación total aos participantes que acumulen o 70 % sen chegar ao 80 % do total das puntuacións e deste xeito poder chegar á puntuación mínima para certificar a formación.
14. Se no curso se realizasen tarefas, actividades, traballos... en grupos colaborativos atenderase aos prazos sinalados e colaborarase cos participantes do grupo para non prexudicar a ningún.
15. As tarefas e actividades presentadas deberán ser orixinais. Se se detectasen tarefas plaxiadas anularanse e perderase a súa puntuación correspondente a elas. No caso de que dúas ou máis persoas presentasen a mesma tarefa a sanción aplicarase a todas elas.
16. Se no curso se realizasen "Obradoiros" de auto e coavaliación prestarase especial atención ás datas das súas fases de envíos e de avaliación, pois non respectar os seus prazos demora e prexudica a todo o grupo. Quen non entregase o seu traballo ou non realizase as coavaliacións nos prazos establecidos no calendario do obradoiro perderá a puntuación desa Tarefa.
17. **Reclamación das cualificacións** das tarefas
 - a. Cando un participante estime que unha cualificación recibida nunha das tarefas avaliadas do curso ou no proxecto final non se axusta ao establecido nas especificacións do curso poderá solicitar a súa revisión mediante un correo electrónico dirixido á persoa titora no que xustificará o motivo.



- b. Se a titoría non respondese nun prazo de 48 horas, o participante poderá solicitar a revisión de cualificacións obtidas nas tarefas perante a coordinación do curso mediante correo electrónico.
 - c. Recibirá a resolución da revisión mediante correo electrónico da titoría. No caso de que a titoría ratifique a súa cualificación, o participante recibirá un correo electrónico coa súa xustificación. A coordinación do curso recibirá copia deste correo electrónico co cal queda presentada perante a coordinación.
 - d. Se a coordinación ratifica a cualificación e persiste a desconformidade, poderá presentala ante a dirección do CAFI en cafi@edu.xunta.gal
18. Ao rematar o curso debería responder a enquisa en Fprofe, da que recibirá aviso no correo electrónico.
19. O curso, tras o seu remate, permanecerá accesible aos participantes durante o curso escolar de celebración.